

BREVES REFLEXIÓNS PERANTE A *ALBORADA DE EDIPO*, DE XESÚS PISÓN

O que ti tes nas mans, lectora, lector, é un libro, que imaxino fermosamente impreso, en caracteres de lectura doada, non moi longo; o que teño nas miñas, é unha presa de folios, en total unhas noventa páxinas, moitas delas só cun título... Considero que son un tesouro, e penso que estas palabras miñas non son máis que un atranco para mergullarte axiña nas sorprendentes horas de lectura que agardan por ti. Mais afirmei que o libro que ollas é un tesouro, e daquela vouche facer sobre el algunhas reflexións, que gustaría ben de poder comentar contigo.

A primeira consiste en dicirte que, se amas o teatro, vas ser moi ditoso lendo este ensaio de Xesús Pisón. Olla os títulos dos tres primeiros capítulos, tan curtos coma profundos: teatro e subversión, teatro e salvación, teatro-paraíso. Nada máis comezar, vas atopar isto: “Velaí a función do Teatro: estorbar o sentir común, molestar”. Non che digo a páxina onde se atopa, porque non a podo saber aínda: pero, que máis dá? Pisón vaiche descubrir decote moitas cousas importantes, lidas por el, pensadas por el, pensadas por outros, pero no libro non acharás nin unha soa nota explicativa, nin unha soa referencia bibliográfica completa. E aí está unha das belezas desta obra. Chameille ensaio, pero tamén o podes ler como unha peza teatral, xa que amas o teatro, e sabes perfectamente que no teatro non hai notas, nin subliñados, nin comiñas, nin redondas e cursivas: hai motivos, hai cousas, hai ideas. Igual aquí.. Procura no volume o lugar onde o autor escribe “Así, o odio ao teatro é odio á vida”. A sentencia é súa, de Pisón. E busca, non che poño as frases por orde, cando di: “O teatro, entón, pode volver o mundo para o dereito”. Concordas con el? Entón, vai ao remate do capítulo segundo, por esta vez dígoche o lugar, e acolle esta mensaxe: “Sexamos, logo, actores, hipócritas, transgresores,

blasfemos... Todo agás obedientes. Talvez así poidamos salvarnos”. Se amas o teatro, amiga, amigo, estás perdido: este libro vai poder contigo, desconfío que non vas poder deixalo atá chegares de seguido á derradeira páxina. A min foi o que me pasou, e levo a vida enteira vendo, lendo, estudiando, escribindo teatro.

Segunda reflexión: por que publica este ensaio Xesús Pisón? Ou dito doutra maneira, que pretende con este libro Pisón? Ou dito doutra máis, quen ven sendo este Pisón? É moi posible que ti saibas moito máis do que eu sobre o autor. Eu coñecín a súa existencia hai vinte anos, cando Aurora López, estudiando as presencias de Medea na literatura en lingua galega, pasoume o breve texto, dúas follas soamente, de *Aniversario de Medea*, do libro *Crisálidas*, de Xesús Pisón, que atopara nos “Cadernos de Teatro” que dirixía o sempre amigo e sempre amante do teatro Francisco Pillado. Aurora, finísima catadora de textos teatrais, comentou: “Olla que cousa máis curiosa”; despois publicou que consiste nunha “breve e peculiar interpretación de Medea”. Andando o tempo lin moitas cousas de Xesús Pisón: a miña biblioteca pode valer de testemuña. E tivemos que coincidir máis dunha vez, por exemplo cando a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega lle tributou a homenaxe da letra E a Manuel Lourenzo, en Ferreira do Valadouro, onde os dous homes de teatro naceron. E deste modo, sen telo premeditado, venme o nome do primeiro mestre escénico que tivo Pisón. Mais deixo a súa biografía, porque aquí non me interesa. A miña pregunta era por que escribe este ensaio Xesús Pisón, e a resposta resulta sinxela: despois dunha vida que anda polos sesenta anos, na que xa aos dezaseis principiaba como actor nos Cans Ceibes do Teatro Circo de Lourenzo, sabe perfectamente ata que punto o tema de Edipo, o heroe mítico que mata o pai, que casa coa nai, que ten con ela dous fillos e dúas fillas, compendia elementos tan esenciais da psique humana, recollidos e contidos despois do *Edipo rei* de

Sófocles en tantas obras literarias de todos os tempos, teatrais e non teatrais, e xa moito antes de Sófocles, no *Poema de Xilgamesh*, como indica Xesús. Daquela, partindo dun interese básico sobre as orixes do teatro, vai repasando, en estupendo desorde, obras fundamentais da literatura universal que tratan de Edipo, en opinión de Xesús Pisón “basamento da Orde Humana”.

Terceira reflexión: están todos os Edipos na *Alborada de Edipo* de Xesús Pisón? Evidentemente, non, porque a pretensión do autor sen dúbida non consiste en ofrecer ao público lector unha enciclopedia. De feito, un dos atractivos máis grandes desta obra, de extensión máis ben curta, como penso que xa dixen, reside no seu anti-enciclopedismo, ou anti-academicismo, se podo dicilo deste xeito. Pisón fala decote do Edipo sofocleo, de reescrituras de Edipo, de *Medea*, de *Fedra*, de *Hamlet*, de *Macbeth*, do *King Lear*, de *Moby Dick*, de *Frankenstein*, e as súas opinións xurden da experiencia do achegamento profundo a estas obras, sen necesidade de precisar en que versión, en que lugar, mesmo en que lingua. Cando se refire a *Medea*, en que traxedia está a pensar, na de Eurípides, nome que cita, ou na de Séneca, nome que cala? Cando se achega a *Macbeth*, que libro ten nas mans, un orixinal inglés, unha versión española, ou a tradución galega que publicou Galaxia en 1972? Non hai que buscar cousas como estas no libro de Pisón: non temos nas mans unha tese de doutoramento. Ese é o seu maior mérito, e aí está, ao meu ver, o seu meirande engado.

Cuarta reflexión: xa dixen que hai moitos Edipos, mesmo non sendo Edipos, pero non todos. Eu, por exemplo, boto en falta o *Edipo en Colono*, que me fascina, porque creo que era a traxedia súa máis querida por Sófocles. E boto en falta tamén a *Serata en Colono*, a única obra de teatro que escribiu Elsa Morante. Pero evidentemente non tiñan por que estar en *Alborada de Edipo* de Xesús Pisón; cando eu lle censuro

a Steiner non ter falado unha palabra de ningunha Antígona española ou portuguesa, estou a criticar outra cousa. Na procura de figuras edípicas fundamentais Pisón lévanos a *Hamlet*, mesmo non sabendo se Shakespeare coñecía ou non o *Edipo rei*, cousa que en cambio sabe con certidume para *O incerto Señor Don Hamlet, Príncipe de Dinamarca* do noso Álvaro Cunqueiro. E a min, pensando que o autor que temos nas mans coñece moi ben o teatro galego, que toda a obra súa, polo menos aquela da que teño noticia, está en galego, venme á cabeza por que non fai referencia aos *Edipos* de Manuel María, Ánxeles Penas, Manuel Lourenzo, quizais algún máis? Isto que digo non pretende ser unha crítica, senón algo que boto de menos no libro, e non sei cal é a razón; máis teño que insistir na miña afirmación de que si algo encontro fermoso neste ensaio de Pisón é que non sexa unha tese académica, nin un proxecto de enciclopedia, nin un dicionario de Edipos. E a ti, lectora, lector, recoméndoches con sinceridade isto: despois de ler a *Alborada de Edipo*, volve ler o *Edipo rei* de Sófocles, ou o *Hamlet* de Shakespeare: verás que a nova lectura túa ten algo de novo, algo de non matinado nas anteriores...

E remato, cunha reflexión: o ensaio *Alborada de Edipo* de Xesús Pisón é unha lúcida contribución para un coñecemento meditado e profundo dunha obra fundamental do teatro grego e das súas reescrituras universais. O capítulo derradeiro, que leva o mesmo título que o libro, é unha abundantísima, quizais exhaustiva, colección de relatos universais sobre o tema edípico, que se le con verdadeiro pracer. Felicito ao autor, e felicito a Edicións Laiovento por acoller, editar e difundir esta obra tan enriquecedora e fermosamente escrita.

Andrés Pociña

Los Ogíjares, 7 setembro 2019

ÍNDICE

Breves reflexións perante <i>Alborada de Edipo</i>	7
Alento.....	11
Teatro e subversión.....	13
Teatro e salvación.....	15
Teatro-paraíso.....	17
O coito soñado.....	19
Silencio.....	21
Con que armas?	23
Teorema de Tebas	25
Hesíodo anarquista.....	27
Álbum familiar	29
A gloria de Cnosos.....	31
Edipo, María e outras máscaras.....	33
Memoria da Esfinxe.....	35
A hidra	37
A rosa dos ventos.....	39
Maelström	41
O fillo de Mary Shelley	43
Nós	46
Edipo no tríscele.....	48
E Wagner.....	50
Hamlet ADN	52
A casa.....	54
Edipo de Neve.....	56
Espellos.....	59
Nais	62
Alborada de Edipo	67